

# ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES DA AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DO CITIC – CAMPUS DE ELVIÑA

## DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA MEMORIA XUSTIFICATIVA



Documento que coincide co aprobado definitivamente polo Pleno do Concello do 08.07.2021 incorporando as observacións indicadas pola CIEMAT no seu requirimento de emenda do 12.08.2021 e achegado ao concello o 02.09.2021.  
O Secretario, p.d. (Delegación do 22.10.2018 do secretario do Pleno no xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do Solo)



PROMOTOR: UNIVERSIDADE DE A CORUÑA

EQUIPO REDACTOR:

ALFREDO GARROTE PAZOS  
SARA PRIETO HORTAS

## INDICE

<b>MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ESTUDO DE DETALLE.....</b>	<b>3</b>
1. DATOS XERAIS. AXENTES INTERVINTES. ....	3
2. OBXECTO E MOTIVACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE. ....	3
3. OBXECTIVO DO ESTUDO DE DETALLE. LEXISLACIÓN URBANÍSTICA DE APLICACIÓN.....	5
4. SITUACIÓN. ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	6
5. TRATAMENTO URBANÍSTICO NO PXOM-13. CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.....	6
6. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL QUE INCIDE NO ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE.....	11
7. DETERMINACIÓNS ESTABLECIDAS POLOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO QUE INCIDEN NO ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE.....	13
8. DESCRICIÓN DO VOLUME DOS EDIFICIOS EXISTENTES NO ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO ED.....	14
9. AMPLIACIÓN EDIFICIO CITIC. PROPOSTA DE ORDENACIÓN DE VOLUMES.....	17
10. AXUSTE ÁS DISPOSICIÓNS DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO – PXOM-13 .....	20
11. CUMPRIMENTO DAS EXIXENCIAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS DE APLICACIÓN.....	22
12. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS.....	22
13. INNECESARIEDADE DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.....	25
14. PONDERACIÓN DO IMPACTO DE XÉNERO.....	26

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ESTUDO DE DETALLE.


### 1. DATOS XERAIS. AXENTES INTERVINTES.

- PROMOTOR: O promotor do presente estudo de detalle é A Universidade de A Coruña (UDC), con CIF: Q 6550005J e domicilio da Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña .
- EQUIPO REDACTOR: O equipo redactor está formado polos arquitectos Alfredo Garrote Pazos Colexiado nº 1440 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e Sara Prieto Hortas col. nº 4745 do COAG.

### 2. OBXECTO E MOTIVACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE.

A motivación do presente estudo de detalle consiste en dar cobertura urbanística á ampliación do edificio do Centro de Investigación en TIC (CITIC) que está situado no Campus de Elviña na parcela con referencia catastral 8181201NH4988S0001II que da fronte á rúa Carballeiras, polo norte e á rúa Antonio Insua Rivas polo sur. Nesta parcela localízanse dous edificios separados por un patio lonxitudinal orientado en dirección norte-sur, o do CITIC e outro que corresponde ao Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA).

- O edificio do CITIC que se sitúa na zona leste da parcela está formado por dous corpos edificados, un deles, que a partir de agora denominaremos CITIC I, adopta unha posición perpendicular á rúa Antonio I. Rivas, o outro colócase en paralelo á rúa das Carballeiras (CITIC II).
- O edificio do CICA tamén está formado por dous corpos que adoptan as mesmas posicións que os do CITIC, perpendicular á rúa Antonio I. Rivas (CICA I) e, paralelo á rúa das Carballeiras (CICA II).



*Ilustración da posición dos edificios que consta no plano de situación do proxecto técnico*

O obxecto e motivación da ampliación constan na memoria descriptiva do proxecto técnico redactado polo arquitecto Francisco Carballo Pérez, que se transcribe a continuación nos aspectos que interesan aos efectos do presente instrumento urbanístico:

#### **"Antecedentes y condicionantes de partida"**

*Se trata de una ampliación, con una demolición previa de una parte de la edificación existente, donde se realizará la nueva ampliación, manteniéndose el mismo uso del edificio existente.*

*La motivación del presente encargo viene dada por la necesidad de nuevos espacios de trabajo para laboratorios en el edificio del CITIC, así como la solución de los problemas de accesibilidad y patologías existentes en la zona de actuación. A continuación, se describen la problemática existente a la que se quiere dar solución:*

- El comedor del CITIC es un espacio residual, se encuentra a una cota superior a la del resto del interior, por lo que no tiene un itinerario adaptado desde el interior del edificio y desde el exterior el itinerario adaptado se realiza con un largo recorrido de rampas.*
- Filtraciones de agua en la zona de comedor por cubierta y junta de dilatación.*
- El acceso al patio exterior del CITIC tiene distintos problemas de accesibilidad. Desde el edificio sólo se puede acceder a través de escaleras y desde el exterior se accede bien a través de escaleras o bien a través de una rampa de gran pendiente.*
- El espacio exterior que constituye el ámbito de actuación es actualmente un espacio de esparcimiento en desuso.*
- El acceso al CITIC existente en el ámbito de actuación está actualmente inutilizado, sólo válido como salida de emergencia.*

*Con toda la problemática que se ha detectado en las visitas realizadas, se realiza una propuesta que resuelve los puntos descritos anteriormente, así como la creación de los nuevos espacios solicitados para laboratorios.*

*La edificación existente consta de una planta bajo rasante parcial y tres plantas sobre rasante. Posteriormente cuando se realizó la obra del CITIC II en la planta bajo rasante se construyó una galería de comunicación con el CITIC I que conecta ambos edificios internamente. En plantas sobre rasante dispone de 3 niveles en el volumen principal y de un nivel en la fachada sur en los laterales. En el volumen Suroeste de una altura y el patio es donde se realiza esta ampliación, que mantiene la conexión planteada con el CICA, entre ambos edificios.*

*La edificación existente....*

#### **Entorno físico:**

*La ampliación del edificio del CITIC I se produce en el patio Oeste que es colindante con el edificio del CICA. Tanto estas dos edificaciones, como la ampliación del CITIC que se ha realizado en el parte sur están situadas en la parcela con referencia catastral 8181201NH4988S0001II con una superficie de parcela según la ficha catastral de 3841 m².*

*La edificación se encuentra en una parcela de pendiente ascendente hacia el suroeste, de forma que su asentamiento conlleva el enterramiento casi total de la planta baja en su lado sur."*

En base ao anterior tomamos as seguintes consideracións de partida:

- **OBXECTO DO ED:** O obxecto do estudo de detalle é a ampliación do edificio do CITIC, en concreto do corpo edificado que se sitúa en perpendicular á rúa Antonio I. Rivas (CITIC I).

- **AMBITO DE ACTUACIÓN:** O ámbito de actuación está conformado pola parcela con referencia catastral 8181201NH4988S0001II na que se sitúan os edificios do CITIC e do CICA, e polos terreos anexos destinados a aparcamento e zonas verdes propiedade da UDC que rodean ao conxunto edificatorio, que están sen catastrar.



### 3. OBXECTIVO DO ESTUDO DE DETALLE. LEXISLACIÓN URBANÍSTICA DE APLICACIÓN.

O plan xeral de ordenación municipal do Concello de A Coruña (PXOM-13) aprobouse definitivamente pola Orde do 25 de febreiro de 2013 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, trátase dun plan adaptado á *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)*.

O presente estudo de detalle (ED) formúlase en desenvolvemento do establecido no artigo 7.2.8. da normativa do PXOM-13 que corresponde á *Norma Zonal 8. Equipamentos* na súa redacción dada pola *Modificación Puntual do PXOM "Colexio Calvo Sotelo" (MPG-3/2015)* aprobada definitivamente polo Pleno Municipal en sesión de 8 de maio de 2017, publicada no BOP núm. 129 de 10 de xullo de 2017.

No punto 4 da ordenanza devandita referente ás condicións da edificación dispónse que *"a ordenación volumétrica fixarase mediante un Estudo de Detalle"*.

Así pois o obxectivo do presente ED ten a finalidade de *ordenar os volumes edificables* de acordo coas especificacións do planeamento urbanístico de aplicación.

Para a formulación do ED terase en conta o disposto nos artigos 79.1.b) e 79.2. da LSG e 192.1.b) e 192.2. do RLSC que se transcribe a continuación:

#### **Artigo 192. Estudos de detalle.**

1. En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

a)....

b) Ordenar os volumes edificables (artigo 79.1.b) da LSG).

Os estudos de detalle que teñan como finalidade a ordenación de volumes poderán comprender os seguintes contidos:

b.1) A asignación concreta as parcelas dos volumes edificables, cando tal previsión non se conteña no plan.

b.2) A reordenación dos volumes de acordo coas especificacións do planeamento.

2. Os estudos de detalle en ningún caso poderán:

a) Alterar o destino urbanístico do solo (artigo 79.2.a) da LSG).

b) Incrementar o aproveitamento urbanístico (artigo 79.2.b) da LSG).

c) Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (artigo 79.2.c) da LSG).

d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen (artigo 79.2.d) da LSG).

e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso (artigo 79.2.e) da LSG).

f) Parcelar o solo (artigo 79.2.f) da LSG).


g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan (artigo 79.2.g) da LSG).

h) Establecer novos usos e ordenanzas (artigo 79.2.h) da LSG).

Para os efectos do disposto na letra c), entenderase por dotacións públicas, ademais dos viais e dos espazos libres, os equipamentos públicos e as infraestruturas.

#### 4. SITUACIÓN. ÁMBITO DE APLICACIÓN.


Tal e como indicamos no punto 2 desta memoria, o ámbito de aplicación está formado pola parcela na que se localizan os edificios do CITIC e do CICA que ten a referencia catastral 8181201NH4988S e pola área de aparcamento e zonas axardinadas anexas que son propiedade da UDC. O ámbito localízase no Campus de Elviña, rúa Antonio Insua Rivas, 56 . Linda polo norte coa rúa Carballeiras, polo sur coa rúa Antonio Insua Rivas (estrada DP-3005) e polo leste e oeste coas parcelas con referencias catastrais 7979507NH4977N e 7979545NH4977N, ten unha superficie de 10.171,09 m².



Ámbito do ED

#### 5. TRATAMENTO URBANÍSTICO NO PXOM-13. CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.

Segundo o PXOM-13, o ámbito do ED está en terreos clasificados como solo urbano consolidado coa cualificación de Sistema Xeral de Equipamentos de titularidade pública. Segundo consta na folia 021 do plano O1 de Estrutura Xeral e Orgánica, a parcela está situada na zona leste da mazá QG-73.



Situación do ámbito do ED sobre o plano O1-021 do PXOM-2013

Tal e como indicamos con anterioridade, a norma zonal de aplicación é a NZ-8. EQUIPAMENTOS coa redacción dada pola MPG-3/2015. Nesta ordenanza o Campus de Elviña ten un tratamento urbanístico específico que se indica a continuación:

#### 4.4.- Campus Universitario de Elviña.

*La totalidad del Campus Universitario de Elviña tiene la condición de sistema general de equipamiento universitario, incluidos los viarios y zonas verdes existentes en la actualidad. El plan general establece para el mismo una ordenación pormenorizada a los efectos de la regulación de su edificación. No obstante lo anterior esta ordenación podrá ser modificada mediante la tramitación de un plan especial de infraestructuras y dotaciones, de los previstos en el artículo 71 de la LOUGA vigente.*

*La totalidad del Campus Universitario está incluido en la zona de servidumbre aeronáutica, por lo que la concesión de la licencia municipal de obras requerirá la preceptiva autorización de la Dirección General de Aviación Civil.*

##### a)- Alineaciones y altura de la edificación.

*Las alineaciones exteriores e interiores, así como la altura máxima de la edificación, se definen gráficamente en el plano O.6 "Zonificación" para cada una de las manzanas.*

*La altura máxima para todas las edificaciones en la zona sureste del Campus (a partir de las edificaciones de la escuela de arquitectura) será de 10 metros, incluyendo antenas, pararrayos, chimeneas, equipo de aire acondicionado, cajas de ascensores, carteles, remates decorativos, etc. No obstante lo anterior, altura máxima en dicho ámbito queda condicionada a las conclusiones obtenidas en el estudio aeronáutico que realizará Aena y deberá ser validado por la Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA). En caso de disminuirse la altura máxima, el aprovechamiento susceptible de*



materialización será el definido por el planeamiento general de acuerdo con la legislación urbanística, una vez que se apliquen al mismo las condiciones que, en su caso, establezca el informe de AENA validado por AESA, no generando, en el caso de su disminución, ningún tipo de derecho a indemnización.

**b)- Edificabilidad.**

La edificabilidad máxima para la totalidad del ámbito universitario es de 513.000 m<sup>2</sup>, correspondiente a un índice de edificabilidad de 1,00 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

**c)- Retranqueos y separaciones entre edificaciones, para los nuevos desarrollos.**

**c.1) Retranqueos.**

Los retranqueos mínimos de la edificación vienen definidos por las alineaciones interiores.

**c.2) Separación entre edificaciones.**

Cuando en una misma parcela se dispongan varios edificios sin continuidad física entre ellos, deberán guardar una separación entre sus fachadas igual o superior a la mayor de las alturas de coronación, con mínimo de 6 m.

**d)- Condiciones de ocupación.**

En plantas sobre rasante la ocupación en planta podrá alcanzar un máximo del 80% de la superficie de la parcela edificable.

En plantas bajo rasante se permite la ocupación de la totalidad de la parcela edificable.

Los espacios libres entre bloques y los debidos a los retranqueos deberán estar ajardinados en una superficie mínima superior al 60% de los mismos, con una capa de tierras para ajardinamiento de las características previstas en el artículo 5.2.7.a.6) de estas normas. El resto podrá destinarse a instalaciones u otras actividades colectivas que no requieran edificación y aparcamientos en superficie, que no podrán ocupar más del veinticinco por ciento (25%), incluidos los accesos.

**e)- Patios.**

Se admiten los patios en la edificación, abiertos o cerrados que cumplan las condiciones generales, siempre y cuando garanticen unas adecuadas condiciones de iluminación, ventilación y soleamiento.

**f)- Salientes y vuelos.**

Se admiten todo tipo de vuelos y cuerpos cerrados volados, con la única limitación establecida para el cómputo de la edificabilidad.

La altura libre mínima entre la cara inferior del forjado de cualquier tipo de cuerpo saliente, abierto o cerrado, y la rasante de la acera o del espacio interior de parcela, en cualquier punto de la misma, siempre y cuando este sea transitable, será igual o superior a la altura de planta baja y mínimo de 4,00 m.

Las medidas son máximas para cada elemento, incluidos todos sus componentes, ya sean funcionales o decorativos.

**g)- Cornisas y aleros.**

Se admiten todo tipo de cornisas y aleros, sin limitación de dimensión en su vuelo.

**j)- Condiciones de estética.**

Las condiciones de composición serán libres.

**5.- Condiciones de los usos.**

**a)- Usos característicos.**

En general, el uso característico es el DOTACIONAL de EQUIPAMIENTO.

En el caso del Campus de Elviña, el uso característico es el DOTACIONAL UNIVERSITARIO.

**b)- Usos asociados.**



*Se admitirán usos asociados vinculados a cualquier uso que se pueda implantar en las edificaciones.*

**c)- Usos compatibles.**

**EQUIPAMIENTOS EN GENERAL:**

*Los equipamientos públicos y privados deberá ser destinados al uso señalado por el plan general. No obstante lo anterior, los equipamientos de titularidad pública podrán substituir el uso previsto en el plan general, por otro uso también de equipamiento público, por el procedimiento previsto legalmente.*

**SISTEMA GENERAL DE EQUIPAMIENTOS, clase DOCENTE:**

**Complementarios:**

- Vivienda, Clase RESIDENCIA COMUNITARIA.
- Industria, Clase INDUSTRIA GENERAL, de Categoría 3ª.
- Industria, Clase ALMACEN, en Categoría 3ª.
- Industria, Clase SERVICIOS EMPRESARIALES e I+D+I, en Categoría 3ª.
- Terciario, Clase OFICINAS, de Categorías 4ª.
- Terciario, Clase HOSTELERO, en planta inferior a la baja, baja y primera, o edificio exclusivo.
- GARAJE-APARCAMIENTO, en superficie y Categoría 2ª.

**Alternativos:**

- No se admiten.

**d)- Usos prohibidos.**

- El resto.

No obstante o anterior, no apartado 4.3. referente aos equipamentos públicos da mesma ordenanza dispónse o seguinte:


*Los equipamientos y dotaciones se adaptarán tipológicamente a la ordenación de la zona dónde se encuadran y mantendrán condiciones de composición urbanística acordes con la misma, respetando y manteniendo las alineaciones de su manzana y colindantes. El resto de los parámetros urbanísticos son libres. No obstante, se podrá adaptar las condiciones de edificación, estándares y programas correspondientes a su legislación específica, mediante la redacción de un Estudio de Detalle.*

*Cuando por la forma de la edificación resulten espacios libres interiores de amplitud suficiente se tratarán con jardinería y arbolado.*

A UDC que é a titular dos edificios e terreos do Campus de Elviña, incluído o ámbito obxecto deste ED é, sen dúbida, unha entidade de dereito público e os edificios que se integran no Campus son equipamentos públicos, polo tanto pensamos que resulta de aplicación a disposición do apartado 4.3. da norma zonal NZ-8 transcrito no parágrafo precedente, en cuxo caso os únicos parámetros que se aplicarían serían os seguintes:

- Adaptación tipolóxica da zona na que se encadran e mantemento das condicións de composición urbanística acorde coa mesma.

- Respecto e mantemento das aliñacións da mazá e das lindeiras que son as que se definen graficamente, xunto coa altura, na folia 101 do plano O-6 de zonificación que se extracta a continuación.



*Situación do ámbito do ED sobre imaxe do plano O6-101 do PXOM-2013*

De acordo coa información que consta neste plano, as aliñacións coinciden coas liñas vermellas que aparecen no plano devandito e a altura máxima equivalerá a catro (4) plantas cunha altura de pisos e altura global que será como máximo a establecida nas Normas Xerais e con altura libre entre forxados.

Non obstante, no referente ás aliñacións con fronte á rúa Antonio Insua Rivas que corresponde á estrada provincial DP-3005, haberá que ter en conta o establecido na lexislación sectorial en materia de estradas contida na *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia* (LEG) e no *Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia* (RLEG). Este aspecto trátase no apartado seguinte desta memoria.

## 6. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL QUE INCIDE NO ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE.

Segundo a información que consta na cartografía do PBA o ámbito do ED amosa as seguintes afeccións da lexislación sectorial:

- **ESTRADAS:** A rúa Antonio Insua Rivas que delimita o ámbito do ED polo sur coincide coa estrada provincial DP-3005, polo tanto, haberá que considerar as afeccións na zona de protección do dominio público viario desta estrada en aplicación do disposto na *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia* (LEG) e no *Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia* (RLEG).

### **Artigo 13. Treitos urbanos**

1. Para os efectos da lexislación de estradas de Galicia e deste regulamento, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como:

- a) Urbano.
- b) (....)

### **Artigo 61. Coordinación en treitos urbanos**

Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lexislación de estradas de Galicia con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución (artigo 23.3 LEG).

### **Artigo 99. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.**

1. (...)
2. (...)
3. (...)
4. (...)
5. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación (artigo 38.4 LEG).


En base ao establecido nos artigos precedentes do RLEG pódese afirmar que estamos nun treito urbano da estrada DP-3005, xa que esta vía descorre por terreos clasificados polo PXOM-13 como solo urbano (artº 7 LEG e artº 13 RLEG) polo tanto de acordo co disposto nos artigos 38.4. da LEG e 99.5. do RLEG *“Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación” e como consecuencia as aliñacións son as que se establecen no PXOM-13.*

- **SERVIDUMES AERONÁUTICAS:** A totalidade do ámbito do estudo de detalle está incluído nas Zonas de Servidumes Aeronáuticas correspondentes ao Aeroporto da Coruña. Polo tanto haberá que considerar o disposto na normativa aplicable que se relaciona a continuación:



- *Servidumbres aeronáuticas establecidas conforme a la Ley 48/60, de 21 de julio (B.O.E. nº 176, de 23 de julio) sobre Navegación Aérea, y Decreto 584/72, de 24 de febrero (B.O.E. nº 69, de 21 de marzo) de servidumbres aeronáuticas, en su actual redacción.*
- *Real Decreto 374/1996, de 23 de febrero, por el que se modifican las servidumbres aeronáuticas establecidas en el aeropuerto de La Coruña (B.O.E. nº 64, de 14 de marzo de 1996).*
- *Propuesta de servidumbres aeronáuticas contenidas en el Plan Director del Aeropuerto de A Coruña aprobado por Orden del Ministerio de Fomento de 31 de julio de 2001 (B.O.E. nº 220, de 13 de septiembre), definidas en base al Decreto de servidumbres aeronáuticas y los criterios vigentes de la Organización de Aviación Civil Internacional (O.A.C.I.).*

No plano de información *104 Afeccións da lexislación sectorial* represéntanse as liñas de nivel das superficies limitadoras das Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de A Coruña que afectan ao ámbito do estudo de detalle, as cales determinan as alturas (respecto do nivel do mar) que non debe sobrepasar ningunha construción (incluídos tódolos seus elementos como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativos, etc.), modificacións do terreo ou obxecto fixo (postes, antenas, aeroxeneradores incluídas as súas palas, carteis, etc.), así como o gálibo do viario ou vía férrea.



*Instantánea de elaboración propia na que se aprecian as liñas de nivel indicadas neste apartado*

Tendo en conta que as cotas do terreo na zona do estudo de detalle atópanse aproximadamente por debaixo dos 80 metros e as servidumes aeronáuticas atópanse aproximadamente a partir de 145



metros, ambas sobre o nivel do mar, así como a altura máxima das maiores construcións propostas, unha soa planta (7,70 metros), hai cota suficiente para que as servidumes aeronáuticas non sexan sobrepasadas por ditas construcións, as cales, en calquera caso, quedarán por debaixo de ditas servidumes, incluídos tódolos seus elementos como antenas, pararraios, chemineas, equipos de ar acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativos, etc... incluídas as grúas de construción e similares.

Incorpórase o plano de ordenación *O02 Afeccións da lexislación sectorial: Servidumes aeronáuticas do Aeroporto de A Coruña* no que se reflicten as Servidumes de Aeródromo e instalacións radioelétricas do RD 374/1996 que afectan ao ámbito do estudo de detalle.


## **7. DETERMINACIÓNS ESTABLECIDAS POLOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO QUE INCIDEN NO ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE.**

Os instrumentos de ordenación territorial con incidencia no municipio de A Coruña son os que se enumeran a continuación:

- Directrices de ordenación do territorio (DOT).
- Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL).
- Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL.

Dos instrumentos anteriores o único que incide no ámbito do presente estudo de detalle é o POL que inclúe dentro da súa delimitación gran parte do territorio do termo municipal.


Tal e como indicamos con anterioridade os terreos incluídos no ámbito do ED están clasificados como solo urbano consolidado. De acordo co anterior e en aplicación do establecido no artigo 3.2. da normativa do POL, este instrumento non é de aplicación nos ámbitos clasificados como solo urbano consolidado e polo tanto non é de aplicación para o presente ED.



Imaxe da cartografía do MODELO DE XESTIÓN do POL. Nas zonas con trama de cor branco non incide o POL.

## 8. DESCRICIÓN DO VOLUME DOS EDIFICIOS EXISTENTES NO ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO ED.

Neste apartado imos a describir os volumes dos dous edificios existentes no ámbito de actuación do ED. Debido á diferenza de cota entre a rúa Antonio I. Rivas e rúa das Carballeiras os edificios dispoñen de acceso dende un patio interior situado a media altura entre ambas rúas. As alturas sobre rasante que se consideran no ED aos efectos de calcular os volumes edificadas sobre rasante son medias, é dicir, considerando a altura de cada corpo á rúa á que da fronte e ao patio e tomando unha media entre ambas.



Alzado esquemático do CITIC que consta no plano de situación do proxecto técnico

### CITIC.

#### ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES DA AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DO CITIC - CAMPUS DE ELVIÑA

ALFREDO GARROTE PAZOS (COL Nº 1440 COAG)  
SARA PRIETO HORTAS (COL Nº 4754 COAG)

CONCELLO DE A CORUÑA  
DOC. PARA APROBACIÓN DEFINITIVA  
MAIO 2021

Tal e como indicamos con anterioridade o edificio está conformado por dous corpos edificatorios, o corpo sur que ten tres plantas situado en senso perpendicular á rúa Antonio I. Rivas (CITIC I) e o corpo norte que se coloca en paralelo á rúa das Carballeiras (CITIC II).

CITIC I: Ten catro volumes diferenciados, cuxos datos segundo o proxecto técnico indícanse a continuación:

- Volume I: Sitúase á cota +4,75 de proxecto (rúa Antonio I. Rivas), ten unha superficie construída duns 80,45 m<sup>2</sup>/planta., conta con tres plantas cunha altura media de coroación de 12,60 m. A superficie construída total é de 241,35 m<sup>2</sup> e o volume aproximado sobre rasante é de 1013,67 m<sup>3</sup>.

- Volume II: Sitúase á cota +0,00 (patio); ten unha planta cunha superficie construída de 48,60 m<sup>2</sup> e unha altura media de coroación a patio de 4,50 m. A sup. construída é de 48,60 m<sup>2</sup> e o volume sobre rasante; 218,70 m<sup>3</sup>.

- Volume III: Sitúase á cota +0,00 (patio); ten unha planta cunha superficie construída de 45,00 m<sup>2</sup> e unha altura media a patio de 4,50 m. Superficie construída total; 45,00 m<sup>2</sup>/ Volume; 202,50 m<sup>3</sup>.

- Volume IV: Sitúase á cota +0,00; superficie construída de 433,53 m<sup>2</sup>/planta e unha altura media de 12,75 m. Superficie construída total; 1300,60 m<sup>2</sup>/ Volume; 5527,51 m<sup>3</sup>.

Os datos de superficie construída e volume da totalidade do edificio do CITIC I son os seguintes:

- Sup. const. total: **1635,55 m<sup>2</sup>.**

- Volume total: **6962,38 m<sup>3</sup>.**

CITIC II: Os datos deste corpo edificatorio segundo os planos do proxecto técnico son os seguintes.

- Sup. const./planta s rasante: 400,00 m<sup>2</sup>.

- Sup. const./ total s rasante: 1200,00 m<sup>2</sup>.

- Sup. const./bajo rasante: 543,74 m<sup>2</sup>.

- Sup. const total: **1743,74 m<sup>2</sup>.**


- Nº plantas/altura: 4 / 9,65 m.

- Volume total s rasante: **3860,00 m<sup>3</sup>.**

Os datos totais de superficie e volume do CITIC son os seguintes:

- **Sup. const. total: 3379,29 m<sup>2</sup>.**

- **Volume total s rasante: 10822,38 m<sup>3</sup>.**



Superficies e volumes construídos sobre rasante

## CICA.

A estrutura e situación deste edificio respecto das rúas ás que da fronte é a mesma que a do CITIC, cun corpo perpendicular á rúa Antonio I. Rivas (CICA I) e outro paralelo á rúa das Carballeiras (CICA II).

CICA I: Os datos de superficie e volume son os seguintes:

- Volume I: Ten unha superficie construída de 573,14 m<sup>2</sup>/planta., conta con tres plantas cunha altura media de 15,50 m. A superficie construída total é de 1719,42 m<sup>2</sup> e o volume aproximado sobre rasante é de 8883,67 m<sup>3</sup>.
- Volume II: Superficie construída 41,00 m<sup>2</sup> e unha altura media a patio de 4,50 m. Superficie construída total; 41,00 m<sup>2</sup> e o volume sobre rasante; 184,50 m<sup>3</sup>.
- Volume III: Superficie construída 41,00 m<sup>2</sup> e unha altura media a patio de 4,50 m. Superficie construída total; 41,00 m<sup>2</sup> e o volume sobre rasante; 184,50 m<sup>3</sup>.

Os datos de superficie construída e volume da totalidade do edificio do CICA I son os seguintes:

- Sup. const. total: **1801,42 m<sup>2</sup>.**
- Volume total: **9252,67 m<sup>3</sup>.**



#### CICA II:

- Sup. const./planta s rasante: 341,00 m<sup>2</sup>.
- Sup. const/total s rasante: **1023,00 m<sup>2</sup>**.
- Nº plantas/altura total: 5 /9,50 m.
- Volume total s rasante: **3239,50 m<sup>3</sup>**.
- Sup. const./bajo ras. CICA: **2206,58 m<sup>2</sup>**.

Os datos totais de superficie e volume do CICA son os seguintes:

- **Sup. const. total: 5031,00 m<sup>2</sup>**.
- **Volume total s rasante: 12492,17 m<sup>3</sup>**.

Como conclusión temos que a superficie total construída e o volume sobre rasante no ámbito do ED son os seguintes:

- **Sup. const. total: 8410,29 m<sup>2</sup>**.
- **Volume total s rasante: 23314,55 m<sup>3</sup>**.

## 9. AMPLIACIÓN EDIFICIO CITIC. PROPOSTA DE ORDENACIÓN DE VOLUMES.

A ampliación volumétrica que se pretende realizar no ámbito de actuación, corresponde ao corpo edificatorio do CITIC I e producirase no patio cuxa cota de referencia é a 0,00 situado entre os dous volumes do CITIC e do CICA que se orientan en dirección norte-sur en perpendicular á rúa Antonio I. Rivas.




*Zona onde se proxecta a  
ampliación de volume*

Segundo consta no proxecto técnico esa ampliación albergará unha zona de comedor e dous laboratorios cunha superficie construída de 227,29 m<sup>2</sup>. Para realizar esta intervención é necesario demoler o denominado volume III e a zona de acceso ao patio do CITIC I, que supón restar da superficie construída deste corpo edificatorio unha superficie de 48,74 m<sup>2</sup>.

Por outra banda compre considerar que a ampliación sitúase a unha cota -1,80 m respecto da de referencia do patio e sobresa 2,40 m, polo tanto os datos da ampliación son os seguintes:

- Sup. const. total ampliada: **227,29 m<sup>2</sup>.**
- Sup. demolida (CITIC I): **- 48,74 m<sup>2</sup>.**
- Sup. resultante: **178,55 m<sup>2</sup>.**
- Volume ampliado s rasante: **428,52 m<sup>3</sup>.**



*Planta e sección da zona ampliada. Proxecto técnico*

**ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE  
VOLUMES DA AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DO  
CITIC - CAMPUS DE ELVIÑA**


ALFREDO GARROTE PAZOS (COL Nº 1440 COAG)  
SARA PRIETO HORTAS (COL Nº 4754 COAG)

Tendo en conta os datos anteriores, coa ampliación proxectada os totais de superficie e volume construído resultantes tras a ampliación son os que se indican a continuación:

- **Sup. const. total:** **8.588,84 m<sup>2</sup>.**

- **Volume total s rasante:** **23555,27 m<sup>3</sup>.**

A superficie ampliada unha vez descontada a demolición (178,55 m<sup>2</sup>) supón un 2,12 % da existente ( 8410,29 m<sup>2</sup>) e o volume ampliado (428,52 m<sup>3</sup>) un 1,84% do existente (23314,55 m<sup>3</sup>). E dicir que se trata dunha intervención moi pouco representativa e que ademais sitúase nunha zona do conxunto edificado que apenas resulta visible dende a vía pública. Por outra banda os tratamentos superficiais e acabados exteriores proxectados para os cerramentos, formigón visto e taboleiros de madeira cemento (tipo VIROC) e para a cuberta axardinada, manteñen as condicións de estética e composición das edificacións e espazos exteriores onde se formula a ampliación.



*Volumetría do conxunto edificatorio. En cor gris escuro a ampliación proxectada*

## 10. AXUSTE ÁS DISPOSICIÓNS DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO – PXOM-13 .

De acordo coa norma zonal correspondente aos equipamentos públicos situados no Campus Universitario de Elviña (NZ-8), as disposicións de obrigado cumprimento a ter en conta no presente ED serían as seguintes:

- Condicións comúns (4.1.):

- A altura global da edificación tomará como referentes máximos a altura en metros que sexa de aplicación segundo a zona, nos casos en que estea determinada. As plantas edificadas poderán ter a altura libre que funcionalmente requiran, sen que elo poida ser argumentado para incrementar a altura en metros equivalente para a correspondente zona, inda que se mantivera o número de andares.

- Equipamentos públicos (4.3.):

- Os equipamentos e dotacións adaptaranse tipolóxicamente á ordenación da zona na que se encadran e manterán condicións de composición urbanística acordes coa mesma, ....

- O resto dos parámetros urbanísticos son libres.

- Campus Universitario de Elviña (4.4.):

- Aliñacións: As aliñacións exteriores e interiores son as definidas gráficamente no plano O6 “Zonificación”.

- Altura da edificación: A altura máxima da edificación é a definida no plano O.6. Neste caso é 4, que segundo o establecido no artigo 6.4.3. da normativa do PXOM, corresponde a planta baixa e tres plantas altas cunha altura máxima de 14,40 m correspondente a unha planta baixa cunha altura de 4,50 m. e tres plantas altas de 3,30 m. de solo a solo, tomando como cota de referencia a de nivelación da planta baixa.

- Edificabilidade: A edificabilidade máxima para a totalidade do ámbito universitario é de 513.000 m<sup>2</sup>e correspondente a un índice de edificabilidade de 1,00 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>. Este dato é totalmente ambiguo e soamente resulta útil para o caso de reordenar a totalidade do Campus mediante un PEID.

O lóxico sería establecer a edificabilidade por parcela o mazá, co cal semella que tendo en conta o carácter público dos equipamentos do Campus, que o planificador entendese que este parámetro é libre. Non obstante ante esta indefinición e sendo moi conservadores imos a considerar este índice de edificabilidade como o máximo a aplicar no ámbito do ED.

- Recuados e separacións entre edificacións: Segundo este apartado da norma zonal, este parámetro só se aplica aos novos desenvolvementos.

- Índice de ocupación.

- Plantas sobre rasante: 80% da parcela edificable. O igual que no caso da edificabilidade trátase dun parámetro de dubidosa aplicación no presente caso dun equipamento público. Non obstante ímolo a considerar sobre o ámbito do ED.

- Plantas baixo rasante: 100% da superficie da parcela edificable.

- Os espazos libres entre bloques e aos recuados deberán estar axardinados nunha porcentaxe igual ou superior o 60% cunha capa de terras para axardinamento adecuada. O resto poderá destinarse a instalacións ou “outras actividades colectivas” que non requiran edificación e aparcadoiros en superficie, que non poderán ocupar mais do 25%, incluídos os accesos:

- O resto das condicións de edificación (*patios, saíntes e voos, cornixas e beirados, condicións de estética...*), non resultan de aplicación aos efectos do presente instrumento de planeamento.



Deberase ter en conta o disposto no apartado 4 do artigo 5.2.6.1. das normas urbanísticas do plan xeral que refiren o seguinte:

- 4.-Regulación do aparcamento

Tódolos equipamentos disporán, como mínimo, dunha praza de aparcamento para vehículos automóbiles por cada 100 m<sup>2</sup> edificables.

Ademais, no caso de locais de pública concorrencia, deberase reservar unha praza de aparcamento para vehículos automóbiles cada 25 m<sup>2</sup>.

Estes parámetros son de obrigada observación para as actuacións edificatorias que se realicen no ámbito do presente ED e para elo achegamos un cadro sinóptico de verificación no presente caso e en futuras actuacións a desenvolver no futuro:

PARÁMETRO		PXOM / NZ-8			ED
		COND.COMÚNS	EQUIPAMENTOS PÚB.	CAMPUS ELVIÑA	
ALINEACIÓNS		As definidas nos planos de zonificación O.6			As definidas no plano O.6 (folia 101)
TIPOLOXÍA E CONDICIÓN DE COMPOSICIÓN		-----	Adaptaranse á ordenación da zona na que se encadran e manterán condicións de composición urbanística acordes coa mesma	-----	Adaptaranse á ordenación da zona na que se encadran e manterán condicións de composición urbanística acordes coa mesma
ALTURA DA EDIFICACIÓN		-----	Todos estes parámetros son libres	As definidas no plano O.6	4 plantas (B+3P) = 14,40 m.
EDIFICABILIDADE		-----		1,00 m²/m² sobre a totalidade do ámbito do Campus	1,00 m²/m² sobre a sup. do ámbito = 10.171 m²c
OCUPACIÓN	Sobre rasante	-----		80%	80% ámbito
	Baixo Rasante	-----		100%	100% parcela edificable
TRATAMENTO ESPAZOS LIBRES		-----		60% axardinado	60% axardinado
DOTACIÓN DE APARCADOIRO		Tódolos equipamentos disporán, como mínimo, dunha praza de aparcamento para vehículos automóbiles por cada 100 m² edificables			A superficie total edificada resultante é de 8.588,84 m². Polo que o edificio deberá contar con 86 prazas de aparcamento, na actualidade existen 30 prazas. As 56 restantes deberanse dispor no ámbito libre da parcela segundo o que se defina no Proxecto construtivo da ampliación do CITIC.

## 11. CUMPRIMENTO DAS EXIXENCIAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS DE APLICACIÓN.

Nos artigos 79.2. da LSG e 192.2. do RLSG establécense as limitacións que non poden superar as determinacións contidas nos ED.

### 2. Os estudos de detalle en ningún caso poderán:

- a) *Alterar o destino urbanístico do solo (artigo 79.2.a) da LSG).*
- b) *Incrementar o aproveitamento urbanístico (artigo 79.2.b) da LSG).*
- c) *Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (artigo 79.2.c) da LSG).*
- d) *Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen (artigo 79.2.d) da LSG).*
- e) *Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso (artigo 79.2.e) da LSG).*
- f) *Parcelar o solo (artigo 79.2.f) da LSG).*
- g) *Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan (artigo 79.2.g) da LSG).*
- h) *Establecer novos usos e ordenanzas (artigo 79.2.h) da LSG).*

*Para os efectos do disposto na letra c), entenderase por dotacións públicas, ademais dos viais e dos espazos libres, os equipamentos públicos e as infraestruturas.*

A este respecto compre sinalar que o presente ED unicamente ordena o volume correspondente á ampliación dun edificio existente, segundo se describe no apartado precedente, que está situado nunha parcela que está en terreos clasificados polo PXOM-13 como solo urbano na categoría de consolidado. A ordenación de volumes fórmase en aplicación do disposto no apartado 4 da norma zonal 8 de equipamentos (NZ-8), de acordo cos parámetros que lle resultan de aplicación da devandita norma zonal. Con este obxecto e formulación non se incorre en ningunha das prohibicións establecidas na LSG e RLSG para estes instrumentos de planeamento.

## 12. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS.

### 12.1. OBXECTO E NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A normativa galega en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas está constituída pola *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade*. O Capítulo I do Título I da lei dedícase as disposicións sobre as condicións para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, o artigo 5 nos apartados 1 e 2 que son os que resultan de aplicación no presente caso dispón:

*“1. As vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público deberán ser proxectados, construídos, restaurados, mantidos, utilizados e reurbanizados de forma que resulten accesibles para todas as persoas. Para iso, os criterios básicos que se establecen nesta lei, e na súa normativa de desenvolvemento, deberán ser recollidos nos plans de desenvolvemento (plans de sectorización, plans parciais, plans especiais e estudos de*

detalle) ou nos plans xerais de ordenación, cando incorporen a ordenación detallada dun ámbito de desenvolvemento.

2. En zonas urbanas consolidadas, cando non se poida cumprir algunha destas condicións, formularanse as solucións alternativas que garantan a máxima accesibilidade posible, para o cal se requirirá o ditame favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade.”

Nos artigos seguintes establécese a obriga de que os itinerarios, parques, xardíns e espazos libres públicos, aparcadoiros, elementos de urbanización e mobiliario urbano resulten adaptados, remitindo ao seu desenvolvemento regulamentario os parámetros e características que deben cumprir todos estes elementos que conforman os espazos públicos urbanizados. A única indicación expresa refírese aos aparcamentos.

Na disposición derradeira primeira da Lei 10/2014 establécese que no prazo de dous anos dende a entrada en vigor a Xunta de Galicia aprobará o seu desenvolvemento regulamentario e o código de accesibilidade que conteña as normas aplicables na materia. Non obstante ese desenvolvemento non se produciu e en consecuencia haberá que ter en conta o establecido na disposición transitoria cuarta da lei referente a normativa vixente:

*“As normas sobre accesibilidade vixentes no momento da entrada en vigor desta lei manterán a súa vixencia ata a entrada en vigor do desenvolvemento normativo recollido nela, sempre que non se opoñan ao establecido nela nin na normativa básica estatal na materia.”*

De acordo co anterior as normas aplicables actualmente en Galicia en materia de accesibilidade e utilización de espazos públicos urbanizados son as que se conteñen no “Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia”. Ademais teranse en conta as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados que se contemplan no anexo á “Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro, por la que se desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados”.

No cadro que se achega a continuación xustifícanse as condicións de accesibilidade que afectan ao presente estudo de detalle, a definición máis precisa de algúns elementos de urbanización corresponde ao proxecto construtivo da ampliación do edificio do CITIC.

## 12.2. XUSTIFICACIÓN DO CUMPLIMENTO DAS CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE NO ITINERARIO OBXECTO DO ESTUDO DE DETALLE.

ELEMENTO		NORMATIVA AUTONOMICA D.35/2000	NORMATIVA ESTATAL O.VIV/561	ESTUDO DE DETALLE
REDE VIARIA	ITINERARIOS PEONIS	Largo mínimo libre de obstáculos = 1,80 m		≥ 1,80 m
		Pend. máx. lonxitudinal = 10%	Pend. máx. lonxitudinal = 6%	≤ 6 %
		Pendente máxima transversal = 2%		< 2%
		Altura libre de paso ≥ 2,20 m.		> 2,20 m
	VAOS PEONIS	Largo mínimo libre de obstáculos = 0,90 m	Estreitamento máximo.= 1,50 m	NON SE PREVÉN NO ÁMBITO DO
		Resalto entre vao e calzada con canto achafranado ou redondeado alt ≤ 2 cms.	O encontro entre o vao e a calzada deberá estar enrasado	
		Anchura mínima plano inclinado do vao a cota de calzada = 1.80 m.		

		Sinalización en todo o largo da fachada ata o vao con franxa de ancho mín. 1m.	-----	ESTUDO DE DETALLE.	
		Pendente lonxitudinal máxima= 12%	Pendente lonxitudinal máxima para tramos inclinados ate 2 m.: 10%	NON SE PREVÉN NO ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE.	
	PASOS DE PEÓNS	Largo mínimo: 1,80 m.	Largo do paso ≥ o do vao peonil con límite ≥ 1,80 m		
		Desnivel entre itinerario peonil e calzada de tránsito de vehículos mediante vao adaptado	Cando non sexa beirarrúa e rúa mediante plano inclinado, poderase optar por elevar o paso de peóns en toda a superficie ou nivel beirarrúa.		
ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN	ITINERARIOS PEONÍS	Se existen elementos puntuais o largo mínimo libre de obstáculos: 1,50 m	Os elementos de urbanización nunca invadirán o ámbito libre de paso dun itinerario peonil accesible	CUMPRE	
	PAVIMENTOS	Cando exista un cambio de pavimento deberán estar enrasados, permitíndose un desnivel con canto achafranado ou redondeado de altura máx: 2 cm	A colocación e mantemento asegurará a súa continuidade e a inexistencia de resaltes	Non se prevé a modificación da urbanización existente.	
	REJILLAS, ALCORQUES E TAPAS DE INSTALAC.	Ocos de dimensión menor ou igual a 2 cms formando cuadrícula. Si se usan reixas de barras lonxitudinais colocaranse perpendiculares o sentido principal de la marcha	Enrasadas co nivel do pavimento circundante cumprindo segundo a súa situación: - áreas de uso peonil: Ø máx 1cm - en la calzada: Ø máx=2,5cm		
	RAMPLAS ESPAZO LIBRE	Largo mínimo.: 1,50 m.		Largo mínimo.: 1,80 m.	NON SE PREVÉN RAMPLAS.
		Lonxitude máxima do tramo: 20 m		Lonxitude máxima do tramo: 10 m	
		Pendente lonxitudinal máx.: 8% ata10 m			
		Pendente transversal máxima: 2%		Pendente transversal máxima:2%	
		Largo dos descansos	- Sen cambio de sentido: largo rampla x 1,50 m - Con cambio de sentido: largo rampla x1,50 m	Largo dos descansos -Sen cambio de sentido: largo rampla x 1,50 m -Con cambio de sentido: largo rampla x 1,80 m	
		Espazo o inicio e o final da rampla: 1,80 m x 1,80 m.		Espazo o inicio e o final da rampla que non invada o IPA: largo rampla x 1,50.	
		Extremos da rampla de diferenciación de pavimento nunha franxa de 1,00 m.		Extremos da rampla de pav. táctil indicador direccional largo: 1,20 m.	
		Iluminación en IPA 10 luxes.		Iluminación en IPA 20 luxes.	
		BARANDAS E ELEMENTOS DE PROTECCIÓN DO PEÓN			
		Recomendable pasamáns dobres Alt. pasamáns sup.: entre 0,90 - 0,95 m Altura pasamáns inferior: 0,65 - 0,70 m Largo de agarre: entre 3 e 5 cm Prolongación: 35 - 45 cm Separación mínima da parede: 4 cm Pasamáns central para ancho sup. a 3 m		Altura mín.: 0,90 m para altura < 6m Obriga pasamáns dobres dous lados Alt. pasamáns sup.: 0,95-1,05 m Alt. pasamáns inf.: 0,65 - 0,75 m Largo agarre: entre 4,5 e 5 cm Prolongación: 30 cm Sep. mínima da parede:4 cm Pasamáns central para ancho > 4 m	
	ESCALEIRAS	Largo mínimo: 1,20 m			3,20 m
		Tramos: altura máxima a salvar: 2,00 m		Tramos: nº mín.chanzos: 3 nº máx.chanzos: 12	Un tramo de 8 escalóns e outro de 3, salvando unha altura de 1,95 m
		Chanzos	Pegada mínima: 30 cm Pegada máxima: 17 cm Obrig: 62 cm ≤ 2C+H ≤ 64 cm	Chanzos Pegada mínima: 30 cm Alt. máx.: 16 cm 54 cm ≤ 2C+H≤ 70 cm	30 cm x 16 cm
		Descansos: Largo x 1,20 m			3,20 x 1,40 m
		BARANDILLAS E ELEMENTOS DE PROTECCIÓN DO PEÓN			
		Recomendable pasamáns dobres Alt. pasamáns sup.: entre 0,90 - 0,95 m Altura pasamáns inferior: 0,65 - 0,70 m Largo agarre: entre 3 e 5 cm Prolongación: 35 - 45 cm Separación mínima da parede: 4 cm Pasamáns central para largo sup. a 3 m		Altura mínima: 0,90 m/ altura < 6 m Obriga pasamáns dobres ambos lados Alt. pasamáns sup.: 0,95-1,05 m Alt. pasamáns inf.: 0,65 - 0,75 m Largo agarre: entre 4,5 e 5 cm Prolongación: 30 cm Sep. mínima da parede:4 cm Pasamáns central para ancho > 4 m	A escaleira sitúase entre dous muretes que cumpren coa altura mínima establecida.
		De cantos achafranados ou redondeados		-----	Non se prevén.
	Altura máxima : 14 cms				



MOBILIARI O URBANO	CONDICIÓNS XERAIS	Situaranse de modo que deixen unha franxa libre de largo 1,50 m.  Si a beirarrúa é de largo < 1,80m, colocaranse deixando un paso de largo mín. 1,50m.	A súa instalación nas áreas de uso peonil non invadirá o IPA. Disporanse preferentemente aliñados xunto á banda exterior da beirarrúa, a unha distancia mínima de 0,40 m do límite entre bordo e calzada.	Non se prevé a instalación de mobiliario urbano.
APARCADOIRO PRAZAS	DIMENSIÓNS	Aparcamiento en batería: 5,00 m x 2,50 m e transf.lateral de 1,00 m.	Dispostos en perpendicular 5,00 m x 2,20 m.e transf. lateral 1,5 m.	As novas prazas de aparcamento serán de 5,00 m x 2,50 m e transf.lateral de 1,00 m.
		Aparcamiento en liña: 5,00 m x 2,20 m e aproximación posterior de largo igual á praza e lonx. 0,90 m	Dispostos en liña 5,00 m x 2,20 m. e transf.e aprox. post. de largo= praza e lonx. 1,50 m.	Non existen.
	RESERVA MÍNIMA	Hasta 200 prazas: 1 praza adaptada por cada 40 o fracción	1 praza accesible por cada 40 o fracción	Existe unha praza, na nova zona de aparcamento reservaranse dúas máis.

Alguns dos aspectos que constan no cadro precedente non se poden matizar neste documento, xustificaranse convenientemente no correspondente proxecto de execución da ampliación do CITIC.

### 13. INNECESARIEDADE DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.

Nos artigos 46 da LSG e 81 do RLSG establécense os instrumentos de planeamento urbanístico que deben ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria (AAEO) ou simplificada (AAES):

#### *Artigo 81. Avaliación ambiental estratéxica dos instrumentos de planeamento urbanístico*

1. Serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria os seguintes instrumentos de planeamento urbanístico, así como as súas modificacións:

- O Plan básico autonómico.
- Os plans xerais de ordenación municipal.
- Os plans que requiran unha avaliación por afectar de xeito apreciable espazos da Rede Natura 2000, nos termos previstos na súa lexislación reguladora.
- Os comprendidos no punto seguinte, cando así o decida o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico ou cando así o solicite o promotor (artigo 46.1 da LSG).

2. Serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada os seguintes instrumentos de planeamento urbanístico:

- As modificacións menores dos instrumentos de planeamento mencionados no punto anterior (artigo 46.2.a) da LSG).

Para tal efecto, de acordo co establecido no artigo 5.2.f) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, enténdense por modificacións menores aqueles cambios nas características dos plans aprobados que non constitúen variacións fundamentais das estratexias, directrices e propostas ou da súa cronoloxía, pero que producen diferenzas nos efectos previstos ou na zona de influencia.

- O planeamento de desenvolvemento, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (artigo 46.2.b) da LSG).

c) Os demais plans que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non encaixen nos supostos do punto anterior, tales como os plans básicos municipais (artigo 46.2.c) da LSG).

De acordo co disposto nestes artigos os estudos de detalle non son obxecto de AAEO nin de AAES. A tales efectos resulta aclaratorio o establecido na páxina web da Consellería de medio Ambiente Territorio e Vivenda respecto do ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica, en concreto no referente aos *plans e programas sometidos a avaliación ambiental estratéxica* e á necesidade de someter a este procedemento os estudos de detalle (nota 4).

*Nota 4: Os estudos de detalle aos que fai referencia o artigo 79 da Lei 2/2016 non se someten a avaliación ambiental estratéxica*

#### 14. PONDERACIÓN DO IMPACTO DE XÉNERO.

O artigo. 20.1.c) do “Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana”, fai mención expresa a que as Administracións Públicas e particularmente as competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, atendan na ordenación que fagan dos usos do solo, entre outros principios básicos á igualdade de trato entre mulleres e homes:

##### **Artículo 20. Criterios básicos de utilización del suelo.**

1. Para hacer efectivos los principios y los derechos y deberes enunciados en el título preliminar y en el título I, respectivamente, las Administraciones Públicas, y en particular las competentes en materia de ordenación territorial y urbanística, deberán:

a) (....)

b) (...)

c) Atender, en la ordenación que hagan de los usos del suelo, a los principios de accesibilidad universal, de igualdad de trato y de oportunidades entre mujeres y hombres, de movilidad, de eficiencia energética, de garantía de suministro de agua, de prevención de riesgos naturales y de accidentes graves, de prevención y protección contra la contaminación y limitación de sus consecuencias para la salud o el medio ambiente..

Este principio acadou unha especial notoriedade no eido do urbanismo a través da STS 1750/2018 de 10/12/2018 referente ao Recurso de Casación interposto pola Comunidade de Madrid e o Concello de Boadilla del Monte contra a Sentencia da Sala do Contencioso Administrativo do TSJ de Madrid pola que se declarou a nulidade do PXOU de Boadilla del Monte. Na devandita STS 1750/2018 estimouse o Recurso de Casación, non obstante declarouse como doutrina xurisprudencial que o principio de igualdade de trato é un principio inspirador da nova concepción do desenvolvemento urbano, que esixe unha ordenación adecuada e dirixida, entre outros fins, a lograr a igualdade efectiva entre homes e mulleres e así queda expresado no antecedente DECIMOSEXTO que se reproduce a continuación:

**DECIMOSEXTO:** De acuerdo con todo lo expuesto consideramos que procede declarar como doctrina jurisprudencial que, si bien la cláusula de aplicación supletoria del derecho estatal no permite sostener la exigencia a las Comunidades Autónomas de un requisito, como es el informe de impacto de género, en materia de ordenación urbanística, que no figura previsto en su propia legislación, el principio de igualdad de trato es un principio inspirador de la nueva concepción del desarrollo urbano, que exige una ordenación adecuada y dirigida,

*entre outros fines, a lograr la igualdad efectiva entre hombres y mujeres, esto es, no es necesario el sometimiento del plan a un trámite específico para que esa perspectiva sea tenida en cuenta y para que, en otro caso, el citado plan pueda ser impugnado y el control judicial alcanzar a dichos extremos.*

En base o anterior a avaliación dos instrumentos de planeamento urbanístico dende o punto de vista do xénero, parte de dúas premisas fundamentais:

1. A percepción das situacións de inseguridade nos espazos públicos e privados urbanizados é maior nas mulleres que nos homes.
2. As situacións de vulnerabilidade entre os colectivos máis desfavorecidos (víctimas de violencia de xénero, migrantes e maiores), é maior nas mulleres que nos homes.

As previsións ás que o planeamento urbanístico pode e debe dar resposta incidindo nos campos da súa competencia son: a previsión de vivenda protexida, o deseño dos espazos públicos urbanizados, a correcta previsión do transporte público e equipamentos, e unha correcta relación e distribución entre os espazos de residencia e traballo.

No presente caso o proxecto do edificio deberá atender a estes principios no deseño da ampliación proxectada.

A Coruña – Maio de 2021

Asdo. Os Arquitectos

Alfredo Garrote Pazos

Sara Prieto Hortas